



© Do Bartlett

## HISTORIA AMBIENTAL ANTIGUA DAS BALEAS DO ATLÁNTICO NORTE

GALICIA NO TOMBRO DA BALFA

## 1.- INTRODUCCIÓN: A HISTORIA DE HISTORIAS

Durante moito tempo a **HISTORIA** centrouse na descrición da evolución política das civilizacións humanas, dedicándose a debullar a orixe e a consolidación dos estados-nación, ficando escrito, sempre polos vencedores, o resultado das pugnas. Así, as teses dos historiadores non só eran descritivas, senón tamén xustificativas do estatus quo.

Nun segundo paso a historia comezou estudar a **economía**, no contexto da revolución industrial no século XIX.

Non é ata ben entrado o s. XIX e unha vez que a historia tamén se centra na análise da evolución das **sociedade** e das **culturas**, e do **medio ambiente** xa no s. XX, que comezan xurdir estudos que poñen en cuestión o sistema, capitalista, que até ese momento a análise histórica presentara como natural. Isto obedece a que a historia política e económica emanaban de intereses verticais, de arriba a abaixo, mentres que a historia da sociedade e da cultura así como a historia ambiental, emanaban de intereses horizontais, é dicir, eran a preocupación de movementos sociais que pretendían respostar á opresión, da que a sociedade tomara consciencia e, por tanto, comezaba ser cuestionada.

É por iso que a HISTORIA se compón dun crebacebas de historias parciais das sociedades humanas, das cales a **historia ambiental** trata de ser historia política, económica, social e cultural, etc., nunha visión máis ampla e máis incluínte, nun proceso de negación e de reconstrución permanente. Canto máis sexa vista, e comprendida, a historia ambiental como a historia do traballo, da propiedade, da explotación e da loita social, maiores serán as probabilidades dun futuro sustentable, equitativo e socialmente xusto (O'Connor, 2001).

A historia ambiental representa o *estudo das relacións da especie humana coa súa contorna*, neste

ámbito, o traballo representa a mediación entre a cultura humana e a natureza. A historia ambiental trata de comprender como e por que o ambiente dun lugar chegou a ser como é actualmente, estúdanse os cambios nas actividades humanas e na economía da natureza, mais non illados, senón como resultado das súas interaccións. A historia humana e natural son dúas caras dun mesmo proceso, interactuando e modificándose mutuamente (O'Connor, 2001), nun proceso dialéctico (Engels, 1875).

O cambio nos medios de produción ao logo da historia condicionou a propia historia económica e ambiental. Na época feudal, o xeito servil do traballo produciu patróns particulares de uso da terra, de explotación do medio e de mudanza ecolóxica. Os servos eran forzados a traballar para producir excedentes cos que manter a unha aristocracia terratenente e a unha superestrutura feudal.

Nese contexto trátase de reconstruír a historia ambiental dos mares atlánticos a través da transformación que as sociedades humanas fixeron da súa contorna, na construción da súa evolución social, tomando como protagonistas as actividades da pesca marítima e a caza das baleas. Trátase de amosar como a explotación dos recursos mariños foi un dos piares da sociedade da época, un chanzo na acumulación do capital, na loita polo poder, no control do mar, dos recursos, das comunicacións e na construción expansiva dos imperios.

### As especies de grandes cetáceos

No Atlántico norte atópanse dez especies de grandes cetáceos, dos cales unha especie é un **odontoceto**, o cachalote, e nove son **misticetos**: dúas especies de baleas francas, a balea cincenta e seis especies de baleas rorcuais.

**Balea vasca**, ou **balea franca setentrional**, *Eubalaena glacialis*. Distribuída nas augas costeiras das plataformas continentais dende augas tépedas a circumpolares, con desprazamentos norte-sur estacionais (Cummigs, 1985b). Cazada intensamente dende a idade media, considerada extinguida no



Figura 1.- Especies de grandes cetáceos.

Atlántico europeo, figura 1e.

**Balea grenlandesa**, *Balaena mysticetus*. Distribuída nas augas polares e circumpolares, con desprazamentos norte-sur estacionais (Reeves e Leatherwood, 1985). Cazada intensamente nas augas de Terra Nova, cazada recentemente mediante cotas de subsistencia aborixe no Atlántico norte, figura 1a.

**Balea cincenta**, *Eschrichtius robustus*. Distribuída nas augas costeiras das plataformas continentais dende augas tépedas a circumpolares, con desprazamentos norte-sur estacionais. No Atlántico existen rexistros subfósiles e datos ata o século XVIII, considerada extinguida na época histórica polos baleeiros (Bryant, 1995; Palsbøll et al., 2007; Wolman, 1985), figura 1b.

**Balea xibarte**, *Megaptera novaeangliae*. Distribuída nas augas costeiras e oceánicas dende augas cálidas a circumpolares, con desprazamentos norte-sur estacionais. (Winn e Reichley, 1985), figura 1i.

**Balea alibranca**, *Balaenoptera acutorostrata*. Distribuída amplamente nas augas costeiras e oceánicas dende augas cálidas a circumpolares, con desprazamentos norte-sur estacionais. (Stewart e Leatherwood, 1985). Cazada durante o século XX nas augas do norte de Europa, figura 1f.

**Balea tropical**, *Balaenoptera edeni*. Distribuída nas augas oceánicas das augas tropicais e temperás ao redor dos 35°. (Cummigs, 1985a), figura 1c.

**Balea de pintas**, *Balaenoptera borealis*. Distribuída nas augas oceánicas das augas tropicais a circumpolares. (Gambell, 1985a). Cazada no século XX nas augas europeas, **figura 1g**.

**Balea común**, *Balaenoptera physalus*. Distribuída nas augas oceánicas das augas de todo o Atlántico ata augas circumpolares. (Gambell, 1985b). Cazada no século XX nas augas europeas, **figura 1d**.

**Balea azul**, *Balaenoptera musculus*. Distribuída nas augas oceánicas de todo o Atlántico ata as augas circumpolares. (Yochem e Leatherwood, 1985). Cazada intensamente no século XX nas augas europeas, **figura 1m**.

**Cachalote**, tamén denominado na antiguidade **trompa** (Melville, 1981; Valdés, 1910), *Physeter macrocephalus*. Distribuído nas augas oceánicas das augas de todo o Atlántico ata os xeos polares. (Rice, 1985). Cazado dende o século XIX en todo o Atlántico, **figura 1l**.

As especies susceptibles de ser capturadas polos baleeiros antigos, fundamentalmente dende a costa, foron a balea vasca e a grenlandesa, e en menor medida a balea cincenta, circunstancialmente a balea xibarte e o cachalote. A caza en mar aberto americana do século XIX, centrada na balea franca e cincenta das costas americanas, mudaría para o cachalote ao ser, a partir dunha época, máis abundante e rendible. Os rorcuais, en xeral, serían presa moi excepcional ou inalcanzables para os medios manuais dispoñibles, non serían cazados masivamente ata a chegada do motor de vapor e do canón explosivo.

A especie cazada na época antiga en toda a costa peninsular dun xeito máis intensivo, e no Atlántico leste, foi a balea vasca, sobre todo femias, nais coas súas crías, pola facilidade de captura. Tamén foron capturados cachalotes e baleas xibartes, mais eran consideradas máis difíciles de atrapar e de menor rendibilidade. Na caza nas augas de Terra Nova a captura realizábase sobre as dúas especies de baleas francas: a balea vasca e a balea grenlandesa (Aguilar, 1992; McLeod et al., 2008).


Aínda que non está ben documentado, cabe a posibilidade de que foran capturados algúns cifios

(Familia Ziphiidae) nas costas galegas e no norte peninsular, no medio das cacerías de balea, e que correspondan co denominado polos antigos baleeiros como cerea ou serea, nomes recollidos nos documentos históricos, mais de difícil identificación por falla de descrición de detalle (Valdés, 2010).


Dende mediados do século XX realizáronse diversas revisións do uso dos mamíferos mariños na época prehistórica en Europa, **figura 2**, constatando a súa presenza nos xacementos das épocas antigas a través de restos óseos e representacións (Clark, 1947; McGregor, 1985 e Hallén, 1994; Sanger, 1995). Máis recentemente estas investigacións foron realizadas tamén nos xacementos da península ibérica (Serangeli, 2001; Bernal e Monclova, 2011).

## 2.- OS MAMÍFEROS MARIÑOS NA PREHISTORIA

Os primeiros indicios do uso dos mamíferos mariños polas sociedades humanas na península ibérica, **figura 3**, son dos Neandertais e datan de hai **41000** anos nas covas de Gorham e Vanguard, Gibraltar, dúas covas próximas que forman parte dun complexo de máis de 160 cavidades (Gutierrez et al., 2001). Trátanse de ósos manipulados de foca monxe (*Monachus monachus*) e de delfínidos (*Delphinus delphis* e *Tursiops truncatus*) atopados entre outros restos de animais mariños. Este feito é indicativo de que xa se utilizaban os recursos mariños como complemento alimenticio, nas sociedades humanas



**Figura 2.-** Mapa da localización de arte representativo ou restos de mamíferos mariños no norte de Europa. Sanger, 1995, segundo Clark, 1947.




**Figura 3.-** Localización de arte ou restos de mamíferos e aves mariñas na Península Ibérica. Serangeli, 2001. a).- marcas de procesado na falanxe dunha foca monxe. Singer et al., 2008.

cazadoras e recolectoras, e mesmo pasaron a formar parte das súas manifestación simbólicas, a través das representacións e adornos (Serangeli, 2001; Stringer et al., 2008).

Así, no norte cantábrico, aínda sendo escasos, existen diversos xacementos nos que puideron atoparse elementos óseos de fócidos ou ben representacións de lobos mariños, **figura 4**, nas seguintes covas:

Peña del Cándamo, representación de pinnípede (Serangeli, 2001).



**Figura 4.-** Representacións de lobos mariños nas covas. 1-4, Gönnersdorf; 5, Andernach; 6 e 8, La Vache; 7, Le Mann; 9, Montgaudier; 10, Brassempouy; 11, La Madelaine; 12, Isturitz; 13, Duruthy; 14, Enlène; 15, Gourdan; 16, Lachaud; 17, La Pileta; 18, Peña del Candamo; 19, Mege; 20, Nerja; 21, Cosquer. Serangeli, 2001.

Tito Bustillo, restos de lobo mariño común, *Phoca vitulina* (Serangeli, 2001).

La Riera, restos de lobo mariño cincento, *Halichoerus grypus* (Serangeli, 2001).

Altamira, restos de lobo mariño común, *P. vitulina* (Serangeli, 2001).

Las Caldas, restos de lobo mariño cincento, *H. grypus*, lobo mariño común, *P. vitulina* e foca monxe, *M. monachus* (Corchón e Fernández, 2008).

La Fragua, restos de foca monxe, *M. monachus* (Marín et al., 2011).

Mesmo na costa portuguesa os rexistros de pinnípedes están representados polos restos de lobo mariño anelado, *Phoca hispida*, atopados no xacemento da cova de Figueira Brava (Serangeli, 2001; Corchón e Fernández, 2008).

Nestes xacementos tamén aparecen referencias de cetáceos, mais son moito máis escasos que no caso dos fócidos, así a representación dun cachalote ou dun grande cetáceo sobre un dente de cachalote (*Physeter macrocephalus*), **figura 5**, e restos de




**Figura 5.-** Fotografías e representación gráfica dun dente de cachalote, Las Caldas. Corchon et al., 2008.

caldeirón (*Globicephala melas*) en Las Caldas; a representación dun grande cetáceo na cova de Tito Bustillo, **figura 6**, e outro dente de cachalote de El Castillo. Algunhas destas referencias en lugares probadamente afastados da costa, o que evidencia o uso directo como alimento, así como unha valorización dos elementos representativos ou un uso de troco comercial.

No Mediterráneo aparecen tamén restos de pinnípedes e cetáceos delfínidos nas covas de Les Cendres, Alicante e Nerja en Málaga, con indicios de queimaduras e marcas de carnizaría o que indica consumo (Serangeli, 2001; Corchón e Fernández, 2008).

Os varamentos ocasionais dos cetáceos poderían surtir de recurso ás sociedades prehistóricas. Mais, a vulnerabilidade dos pinnípedes na praia podería



**Figura 6.-** Representación gráfica de cetáceos nas covas. 1, Arancou; 2, La Vache; 3, Tito Bustillo. Serangeli, 2001.

permitir unha doada captura activa, sobre todo tendo en conta a sensibilidade económica destas sociedades que aproveitaban todo recurso doado e seguro. A pesar disto, non se atoparon indicios da caza directa (Serangeli, 2001; Corchón e Fernández, 2008).

Enténdese que este interese no uso orixínase a partir da alimentación como obxectivo, como por exemplo o pode indicar o achado na cova de Las Caldas, onde foi localizada unha placa dun balano ectoparasito incrustante, *Coronula diadema*. Un crustáceo presente na epiderme das baleas, **figura 7**, (Serangeli, 2001; Corchón e Fernández, 2008). A súa presenza no lugar só ten sentido de terse desprazado un anaco de carne da balea con pel e co balano incrustado (Álvarez, 2010). Mais, a partir deste primeiro interese directo para alimentación aparece un segundo interese de carácter simbólico, que se evidencia pola representación pictórica e gravada e



**Figura 7.-** Placa fósil do crustáceo ectoparasito de balea, *Coronula diadema*, á esquerda, Las Caldas, Asturias. Álvarez, 2010.

polo uso de adornos, como é o caso dos colgantes feitos de dentes de lobo mariño cincento, caldeirón e cachalote da cova de Las Caldas, Priorio, Ovieu, estes do período Magdaleniense, entre 15000 e 8000 anos (Serangeli, 2001).

Galicia e o norte de Portugal teñen unha situación xeográfica axeitada para os asentamentos humanos, favorecida tamén polo clima e biodiversidade. Esta situación deu lugar a unha ocupación importante e continua do territorio dende hai milleiros de anos e tamén ao uso da franxa costeira pola súa alta riqueza biolóxica, dun xeito eventual no Paleolítico inferior e medio e dun xeito máis intenso no Paleolítico superior (Vallejo, 2003), **figura 8**.

Lamentablemente as características litolóxicas, cun pH ácido, e a ausencia de covas litorais, ao menos sobre o nivel do mar, non permiten o mantemento de restos óseos nin a representación de mamíferos mariños de épocas tan temperás (Grandal et al., 1997; Fernández, 2006).

O uso do litoral como recurso foi comprobado na Galicia de 5000 a 4000 anos atrás, sendo constatado no xacemento do Xidoiro areoso da Ría de Arousa (Vázquez e Rodríguez, 2000). Por parte dos habitantes da idade do ferro, 1200 anos a C. esta explotación era oportunista como recolledores ou como pescadores litorais, utilizando arpóns e anzois rudimentarios. Non se coñece caza directa de cetáceos nesas épocas e posiblemente farían uso dos corpos dos cetáceos mortos no mar, unha vez varados nas praias, usando os seus restos con diferentes fins, mais preferentemente míticos ou simbólicos (Alvarez, 2006). O rexistro d e



**Figura 8.-** Recreación da época paleolítica dun asentamento humano costeiro observando unhas baleas.

restos de foca monxe no xacemento do Xidoiro, correspondente ao Bronce antigo, non está claro se obedece ao uso dun animal cazado ou ben dun animal varado e depositado sobre o xacemento nunha etapa posterior (Fernández, 2001).

### A cultura castrexa

Entre os séculos VIII e I a.C., a sociedade humana asentada no territorio histórico de Galicia, denominada cultura castrexa (Grande, 2008), organizábase en base a un núcleo poboado fortificado denominado citania ou castro, situándose algúns deles ao pé do mar. A vida castrexa baseábase nunha economía de subsistencia cunha grande diversidade de recursos, consolidando nesa época o xeito de explotación do medio mariño a través da pesca activa no mar, na que os recursos mariños terían un papel importante como complemento da dieta, se ben non serían elementos básicos (González e Bejega, 2009). Deste xeito nos cuncheiros dos castros aparecen restos de moluscos e peixes, entre eles especies que viven lonxe da costa, o que constata a navegación activa. Como posibles ferramentas para a navegación, o autor latino Plinio describe as embarcacións de coiro das Illas Casitérides



**Figura 9.-** Disco intervertebral de grande cetáceo do cuncheiro da Lanzada, O Grove. Fernández, 2003.



**Figura 10.-** Escápula de balea do Campa de Torres, Gijón (Maya et al., 1998).



**Figura 11.-** Recreación da época castrexa. Uso costeiro dos cetáceos arroados polo mar.

(Vallejo, 2003).

Dende hai tempo vén estudándose a fauna procedente dos xacementos arqueolóxicos castrexos prerrománicos co fin de coñecer o uso que dela se facía para a alimentación, en base aos restos duros. Ao igual que na época anterior, e con excepción dos xacementos e castros litorais en solos areosos, as características litolóxicas non favorecen o mantemento de restos orgánicos, o que provoca que os rexistros óseos sexan moi reducidos (Grandal *et al.*, 1997; Fernández, 2006).

Nos depósitos de residuos dos castros costeiros, denominados cuncheiros, e nalgúns do interior, poden atoparse diversidade de restos de animais mariños (Vázquez e Rodríguez, 1998, 2000; Rodríguez *et al.*, 2001), aínda que o rexistro de restos óseos de cetáceos, só existentes nos castros costeiros, é moi escaso. Cabe sinalar o achado dos restos dunha epífise de vértebra caudal dun exemplar xuvenil de grande cetáceo (Fernández, 2003), **figura 9**, e tamén de restos de ata catro exemplares de especies diferentes de pequenos cetáceos no cuncheiro do castro da Lanzada, O Grove (Bernal e Monclova, 2011).

No norte cantábrico hai referencias arqueolóxicas da utilización dos restos dunha escápula de balea, **figura 10**, no castro da Campa de Torres (Gijón) datado no s. IV-III a.c. (Maya *et al.*, 1998; Salvador *et al.*, 2005), sendo atribuído a balea cincenta, *Eschrichtius robustus* (Nores *et al.*, 2001).

Estes casos posiblemente teñan a súa orixe no aproveitamento oportunista dos cetáceos varados nas praias pois, ademais de ser uns restos moi escasos,

tampouco hai constatación de caza directa, **figura 11**. En toda a costa galega os cetáceos son, e foron, abundantes e costeiros. En concreto, a praia da Lanzada é unha das que rexistra un maior número de cetáceos varados mortos na actualidade, a causa das correntes e ventos dominantes no inverno e primavera.

### 3.- OS MAMÍFEROS MARIÑOS NA ÉPOCA ROMANA

Para os autores clásicos os mamíferos mariños eran ben coñecidos (Periago e Periago, 2006), **figura 12**. O sabio de Estagira, Aristóteles (384-322 a. C.), describe na Historia dos animais o carácter vivíparo dos cetáceos, como se reproducen mediante parto e aleitan as súas crías, mesmo sinala que usaban o son para comunicarse e que se solidarizan cos outros conxéneres feridos. Plinio no século I (anos 23-75) describe a amizade dos golfinhos cos humanos e o seu gusto pola música, relatando o caso do poeta Arión de Metimnana, illa de Lesbos (625-585 a. C.), que chegou a terra no lombo dun golfinho (Plinio. 1624). Oppianus de Apanamea, a principios do século III, escribe o poema didáctico *Cinexética* e *Haliéutica* sobre caza e pesca, no que describe a pesca dos pescadores da illa de Eubea en cooperación cos golfinhos (Calvo, 1990). Claudio Eliano (170-249 d.C) de Preneste, na súa Historia dos animais, indica que os golfinhos acompañan os feridos e mortos ata a praia para que os soterran os humanos (Díaz Regañón, 1984).

No ano 218 a.C., dúas lexións dirixidas por Cneo Escipión desembarcan na península ibérica coa inten-

A pesar da tardía conquista romana do noroeste e norte peninsular, as costas galegas eran ben coñecidas polos navegantes e comerciantes mediterráneos dende a antigüidade, así Estrabón fai mención na Xeografía, do século I, ás rotas atlánticas, nas que destaca o valor dos metais, sobre todo ouro, no territorio de Galicia o que acrecentaba o interese romano, e comentaba o uso de manteiga en vez de aceite (López, 2013). Tamén Avieno, escribe o poema *Ora marítima*, no século IV, incluíndo descrições costeiras do noroeste. Ambos os autores baséanse en escritos antigos que datan do século VI a C. (Bernárdez, 2013; López, 2013)

A detailed illustration of two dolphins swimming in a light blue ocean. The dolphins are depicted with grey bodies, white underbellies, and distinctive orange and white stripes along their sides. They are surrounded by several smaller fish of various species and colors, including yellow, orange, and grey. The background is a light blue gradient, suggesting the open sea.

época romana, **figura 13**, acrescenta as posibilidades comerciais e o aumento da produción pesqueira (Vallejo, 2003), dándose unha intensificación da explotación dos recursos mariños, destacando a importancia, en calidade e cantidade, da pesca no comercio galego coas áreas mediterráneas (López, 29013). Deste xeito dáselle importancia ao Callaicus Oceanus, tal e como indican os Epigramas do poeta Marco Valeiro Marcial, de Bilbilis, no século I (Carrillo, 1999; Vázquez e Rodríguez, 2000; Guillén e Argudo, 2003), **figura 14**.

Como xa se referiu no comentario sobre os autores clásicos, os romanos eran bos coñecedores das especies de mamíferos mariños, mais, moi poucas das referencias existentes fan mención á captura activa de cetáceos. No relativo á caza de cetáceos caben mencionar os relatorios da descrición do uso de arpón para cazar golfinhos por Eliano (Díaz Regañón, 1984) e o da caza dunha candorca no porto de Ostia que fai Plinio o vello (Plinio en Bernal). Tan só Oppianus describe con detalle as actividades para dar morte ás baleas (Calvo, 1990).

This is a detailed historical map of the Kingdom of Naples, showing its various provinces and major cities. The map is color-coded, with different shades of green, yellow, and brown representing different regions. Key cities like Naples, Capri, and Salerno are labeled. The map also shows the surrounding sea and some islands.






Figura 14.- Callaeicus Oceanus nos *Epigramas* do poeta Marco Valeiro Marcial.

instalacións que fornecían de alimentos á cidade de Roma (Lagóstena, 2009). O poeta Marcial describe os produtos procedentes da pesca, entre os que se atopaban: cordyla, oxygarum, melandrya, lacertus e especialmente o garum, como salsa xeralmente de certa calidade, así como o hallec e a muria, como salsas de menor calidade. Aínda que sinala a orixe hispana dos produtos dos peixes, en ningún caso detalla, ou poden ser identificados, produtos exclusivos de cetáceos (Lagóstena, 2009).

Bernal (2009) rexistra vértebras de baleas como tallos nas salgaduras do Golfo de Cádiz, e outros

restos óseos procedentes dos xacementos nas factorías de salgadura, **figura 15a**. En relación coas descrições de caza de Plinio e Oppiano, o autor conclúe que a caza na época romana podería ser unha actividade desenvolvida e asociada con este tipo de instalacións (Bernal Casasola e Monclova, 2011). A pesar dos achados e da confluencia no seu uso con épocas posteriores, **figura 15b**, non se conta aínda con evidencias abondo como para concluir que a caza da balea era unha actividade habitual.

Coñécense multitude de instalacións de salgadura ao longo do norte e noroeste peninsular, sobre todo na costa galega, Suárez cataloga dez instalacións en Galicia (2003) e Fernández e Martínez (1994) cataloga, entre seguras e dúbidas, un total de catorce, ás que se suman unhas dúas máis en todo o norte peninsular, **figura 16**. Estas instalacións abastecían ás vilas e campamentos do interior, e mesmo os autores clásicos destacan o apreciados que eran na capital do imperio os produtos mariños galegos que se obtían nas mesmas (Vázquez e Rodríguez, 2000), entre eles: carne de peixe salgada (salsamenta), magas maceradas para salsas ou cebo e fariñas de peixe mediante triturado das partes duras, é por iso que nestas instalacións é raro atopar restos faunísticos.

A pesar de non ser atopados restos de cetáceos, ou referencias de procesamento, nestas fábricas de salgadura de Galicia e do norte, Fernández e Martínez (1994) destacan a posibilidade do procesado de baleas nas mesmas, mais sen argumento de máis peso que os textos de Oppiano, a frecuencia de baleas nestas augas, que propiciaría a posterior actividade medieval, e as descrições de Maciñeira (1947)



Figura 15.- a) Vértebra de balea usada como tallo no xacemento romano de Baelo Claudia, Bernal, 2009. b) Vértebra de balea, de orixe posiblemente medieval, usada como tallo. Museo de Lourinhã, Portugal.




Figura 16.- Instalacións de salazón ao longo do norte e noroeste peninsular. Fernández e Martínez, 1994. Como círculos, instalacións seguras e triángulos dubidosas.

do porto de Vares, así como a presenza de cazoletas de destilación, nese porto e noutros, ás que non se lle atribúe función concreta. Posteriores investigacións indican que a orixe do porto de Vares é medieval e non prerromana ou romana como se argumentaba ata o momento (Acinas et al., 2007). Na costa de Aquitania, Getaria, aparece de novo un rexistro de oso de cetáceo relacionado cunha fábrica de salgadura da época romana (Ephrem, 2010 en Bernal e Monclova, 2011).

No norte cantábrico, rexístranse restos de ósos de grandes cetáceos entre o material mesturado na muralla romana de Xixón (s. III-IV d.C.) descoñecéndose a súa orixe (Morales, 1992).

En base ao exposto, se ben ata o de agora non se pode afirmar taxativamente que a actividade da caza de balea na época romana fora habitual, ou mesmo que a entrada de cetáceos fora materia prima de procesamento sistemático nas factorías de salgadura, o que se extrae da documentación consultada é que os romanos tiñan os coñecementos e a capacidade de dar morte aos cetáceos, pequenos e grandes, e que polo menos utilizábanos regularmente como recurso, independentemente da súa procedencia, ben obtendo carne e graxa, ou ben utilizando as partes duras como ferramentas e materiais, algo semellante ao acontecido en épocas anteriores e posteriores.

#### 4.- ÉPOCA MEDIEVAL: S. V-XVS MAMÍFEROS MARIÑOS

Non está claro quen iniciou a caza da balea en Europa na época medieval. Os pobos normandos do norte de Europa e os vascos disputábase a primacía da

caza, aínda que este feito ten pouca relevancia ao concordar con que os pobos costeiros de Euskal Herria, ben de Iparralde: Lapurdi ou de Hegoalde: Bizkaia ou Gipuzkoa, todos eles denominados vascos, foron os primeiros en industrializar e acaparar o comercio desta actividade, chegando desprazarse a outras áreas para cazar, é dicir, foron os primeiros mestres da caza da balea (Azpiazu, 2000), **figura 17**.

#### Época sueva

Coa caída do imperio romano chegan os pobos xermánicos á Península. Os suevos mediante un pacto co emperador Honorio instálanse na Gallaecia no ano 411, implantando a súa xurisdición e instaurando o primeiro reino europeo con límites ata o río Douro polo sur e máis alá do río Esla polo leste (López, 2005). Na época sueva, séculos V e VI, existen indicios de tráfico mercantil marítimo co norte de Europa (Vallejo, 2003), máis non consta información específica a respecto da pesca, nin moito menos referencias á caza ou comercio dos produtos das baleas.

#### Primeiras referencias históricas

Nas obras islandesas da Saga dos grenlandeses e da Saga de Erik o Vermello, do ano 1000, que narran os acontecementos relativos á que debemos considerar primeira constancia de navegación entre Europa e América, faise mención ás baleas, cun amplo coñecemento das especies, e da súa captura- Tamén na Saga de Egill Skallagrímson do ano 1230 e na obra escandinava de 1250, Speculum regale. Nesa altura, os primeiros datos do comercio dos produtos da balea constan na costa vasco-francesa de Baiona no ano 1059, sendo esta a data do primeiro documento oficial de comercialización, xa que anteriormente dátase no

ano 670 un albará de venta de aceite de balea para a abadía de Jumiéges (Laburu, 1989). Na costa de Hegoalde, o primeiro documento data do ano 1180, sendo relativo á venda de barbas de balea (Ciriquiain, 1961).


O escritor árabe Al-Qazwīnī (1203–1283) na súa obra *Afār al-bzlād wa-ajbār al-ibād* transcribe unha pasaxe do xeógrafo andalusí Al-Udri (1003-1085) na que describe unha viaxe a Irlanda e como os habitantes das illas pescaban e comía baleatos (Vernet, 1971).

A primeira cita da caza da balea en Euskadi data de 1190 (Ciriquiain, 1961), mesmo antes da fundación das principais vilas, e xa no ano 1237 aparece a primeira lexislación sobre a actividade. A primeira cita cántabra é de 1199 e a asturiana remítese ao ano 1232, polo que parece que a actividade se expandiu cara ao oeste no século XII e XIII (Valdés, 2010). Os primeiros datos sobre baleación en Portugal sitúanse no 1229 mediante a instauración do imposto polas baleas capturadas na Ericeira (Brito, 2009), e posteriormente cazábanse baleas entre o Douro e o Miño, no século XII, e dende o século XIV no Algarve (Varela, 2001).

No século XII os núcleos de poder de Galicia están en Compostela, León e Braga, o territorio divídese e as terras ao sur do Miño pasan a fundar o reino de Portugal (López, 2005). A pesca segue a contar con grande importancia, desta volta como abastecemento de dependencias monacais (Andrade, 2009). Apesar de que o porto de Prioiro foi doado por El-Rei ao convento de Sobrado no ano 1158, non é ata o ano 1286 que D. Sancho IV ratifica o décimo da baleación a Sobrado (Ciriquiain, 1961), confirmada no ano 1288 (Carrillo, 1999). O mosteiro existía xa no século X, mais descoñécense os antecedentes á chegada dos monxes cistercienses no ano 1142, provenientes de Francia. Sobrado e Oseira son os primeiros mosteiros cistercienses da primeira metade do século XII. No



**Figura 17.-** Disposición da tripulación nunha baleeira, timonel, remeiros e arpoeiro na proa.



**Figura 18.-** Escudos de Getaria e de Laracha, concello no que se ubica a localidade baleeira de Caióbn.

contido da carta indícase que o décimo da baleación, correspondente ao convento, non era satisfeito dende a morte do infante Alfonso. No ano 1272, en cambio, a actividade desaparece nese lugar moi cedo (Valdés, 2010).

Posiblemente os portos da Mariña Lucense, como San Cibrao e Bares, puideran mesmo ser coetáneos da actividade baleeira con Prioiro dado que no ano 1291 aparece o primeiro documento relacionando a actividade nesa área costeira (Valdés, 2010). A actividade baleeira local quedou reflectida nos selos municipais, sendo abondosos nos portos do norte cantábrico e sobre todo en Euskadi; en Galicia, pola contra, só quedou constancia no concello de Laracha, A Coruña, do que depende administrativamente o porto de Caión, **figura 18.**

### Os galegos que non pescaban baleas

Diversos autores defenden a tese de que os galegos non se dedicaban á actividade baleeira, que a súa economía era de menor calado e se dedicaban á pesca litoral sen investir esforzos nunha pesca perigosa e moi especializada (Ferreira, 1988; Canoura, 2000). Mais, aínda coa defensa desta tese, os mesmos autores achegan argumentos de que os vascos viaxaban a Galicia coa finalidade de salgar balea e mercar graxa, mesmo sorprendéndose da súa propia contradición (Azpiazu, 2000).

É indubidable que para os vascos a caza da balea e a transacción comercial para conseguir os seus produtos tiveron unha especial relevancia, aínda que non fora o único obxectivo das súas transaccións marítimas (tamén mercaban viño, sardiñas e outros peixes), mesmo chegaban distribuír mercadorías procedentes

de Euskadi (ferro, armas, centeo e cáñamo) ata os portos de destino para encher os barcos co prezado produto da balea, deste xeito navegaban por todo o norte cantábrico, Galicia e norte de Portugal.

Resulta difícil argumentar como chegou a arte da caza da balea a Galicia. Algúns autores din que os vascos levaron os coñecementos a lugares onde non se coñecía esta arte (Ferreira, 1988), outros din que puideron ser os monxes cistercienses que o trouxeron polo interese nos recursos e os impostos que xeraba. A realidade é que non hai documentación suficiente para argumentar dun xeito definitivo cada unha das argumentacións.

Actualmente consérvanse diversos topónimos ao longo de toda a costa que poden estar relacionados coas baleas ou coa actividade baleeira, a **figura 19** recolle os principais portos baleeiros así como os topónimos relacionados coa actividade, tan só no estudo pormenorizado da talasonimia do sur de Galicia, entre A Guarda e Panxón, recóllense oito topónimos relacionados: Balea/A Balea, Outeiro de Baleal, Seco da Baleaza, O Baleal, Punta da Balea, O porto das Baleas (Dacosta e López, 1993; Carrillo,

1999; Rodríguez e Vilar, 2004; Vilar, 2008; Vilar, 2010). Non se tiveron en conta a multitude de topónimos costeiros que fan referencia a Atalaias, existentes na práctica totalidade dos históricos portos baleeiros.

### Control e legalidade

A pesca no litoral vasco enseguida ocasionou a necesidade de poñer en marcha regulamentación, controis e cargas fiscais tanto da igrexa como da monarquía, segundo de quen fora competencia o porto.

Establécense as primeiras normas marítimas a través das Leis de Olerón, sendo adoptadas pola coroa de Castilla no 1266, pasando a denominarse Fuero de Layron (Arizaga e Bochaca, 2003). Posteriormente, en 1296 establécese a Hermandad de las marismas, incluíndo a portos cántabros e éuscaros, nos que se recollen acordos de comercio e navegación, así como compromisos con terceiros, como portugueses, franceses e flamencos. Estes acordos foron variando para resolver os conflitos que se produciron, por outro lado, non impediron certas alianzas entre vilas costeiras dos distintos contendentes.



Concellos e confrarías regulaban o mellor xeito de levar a diante a actividade pesqueira. É por iso que os desprazamentos tamén supoñían eludir todo tipo de cargas o maior tempo posible. Se ben os pescadores tiñan que adecuarse aos requirimentos dos portos e confrarías ás que viaxaban, tamén é certo que buscaban novos enclaves libres de cargas e esta circunstancia provocou non poucos problemas e litixios, reclamacións por parte das autoridades e mesmo reclamacións dos veciños para expulsar os estranxeiros que, entre outras cousas, non querían afacerse ás normas locais (Canoura, 2000).

### O comercio marítimo e a pesca

Para comprender a relación marítima entre os pobos das ribeiras atlánticas é necesaria a contextualización económico-política de cada unha das épocas, procurando unha análise dos sistemas

**Figura 19.-** Principais portos baleeiros medievais e posteriores, na costa de Galicia. P: praia. V: vila. L: lugar.

produtivos e das capacidades comerciais. Na Idade Media, a expansión do comercio marítimo establecería os inicios do capitalismo (Covarrubias, 2004). Nesta época increméntase o comercio marítimo, especialmente no relativo aos produtos da pesca, entre os que os derivados da balea serviron de moeda de troco e axudaron á expansión da actividade comercial.

Galicia, coa súa grande diversidade de ecosistemas e, polo tanto, unha grande diversidade de métodos de explotación dos recursos, era multifuncional na produción de recursos alimenticios: pesca, viño, madeira, castañas, mentres que era deficitaria en ferro, só producido na zona interior, sal, necesaria para a transformación e conservación dos produtos do mar, e pano. Esta situación de desequilibrio e reequilibrio con outras áreas adxacentes (a Europa atlántica directamente, costa portuguesa e costa cantábrica), provocou un incipiente comercio marítimo (Ferreira, 1988), continuación de do xa existente na antigüidade.

A situación da costa galega permitía unha boa comunicación coas áreas costeiras lindeiras, tamén os conceptos de próximo e afastado eran diferentes nun mundo en que a costa comprendida entre os Fisterras galego e bretón era concibida como un gran mar interior (Arizaga e Bochaca, 2003). A pesar de que os temporais podían provocar navegacións erráticas de semanas no mar e mesmo a paralización durante meses das flotas nos portos, o percorrido entre A Coruña e Plymouth ou Brest podía facerse en catro ou cinco días nos séculos XII e XIII. Posteriormente o establecemento de Compostela como centro de peregrinaxe potenciaría o intercambio marítimo do norte de Europa coa costa galega, permitindo así a chegada de múltiples produtos e limitando, polo menos temporalmente, a capacidade das grandes navegacións galegas. Aos efectos do comercio, Galicia situábase entre dous mundos comerciais, o do norte de Europa e o do Mediterráneo, e os porto da Coruña ou Ferrol supuñan unha paréntese nas viaxes de ida e volta entre eses dous puntos (Ferreira, 1988).

As peregrinacións de carácter relixioso, tanto con destino a Compostela como a Terra Santa, van permitir un fluído tráfico con Galicia como destino ou lugar de paso, e tamén contribuírán a un contacto intercultural e mercantil (Ferreira, 2005).

A unificación política da costa cantábrica, baixo




Figura 20.- Documento de requerimento da expulsión dos estranxeiros dos portos baleeiros galegos. S. XVII. Museo das pescas de Caión.

dominio da coroa de Castilla, logo da unificación dos reinos de Castilla e Galicia (con sé en León) en 1227, favoreceu o intercambio comercial de toda a área, non así na costa francesa que de Labort a Bretaña estaba baixo control de tres poderes feudais diferentes: ao norte o ducado de Bretaña co porto de Nantes, na zona central o territorio do rei de Francia co porto de La Rochelle e ao sul o ducado de Aquitania, o territorio costeiro do Labort cos portos de Donibane Loitzune, Baiona e Bordeaux, (Arizaga e Bochaca, 2003).

Os vascos de Hegoalde tiñan sobradas razóns para potenciar o comercio marítimo, xa que contaban cunha importante poboación e escasos recursos alimenticios, entre os que se atopaba a pesca. Os seus bosques eran frondosos, e polo tanto con boa materia prima para a construción naval, tiñan unha importante produción de ferro, nesa altura unha materia prima prezada nos intercambios comerciais (Arizaga e Bochaca, 2003).

#### A pesca dentro do comercio marítimo

O consumo de peixe, así como de carne de balea e doutros cetáceos que eran considerados peixes, foi potenciado pola vixilia relixiosa, que abranguíu 140



Figura 21.- Recreación do porto de Caión, Laracha. Museo da pesca de Caión.

días ao ano (Carrillo, 1999). Tamén pola chegada dos monxes cistercienses que potenciaron a actividade pesqueira e o cobro dos impostos dela derivados, en Galicia, desde o século X, existen lugares costeiros onde a pesca era controlada polos poderes eclesiásticos e a nobreza (Ferreira, 1988). Neste contexto, as terras do interior xeraron unha forte demanda de produtos do mar. Todo isto incentiva o desenvolvemento do secado e o salgado como métodos de conservación para o transporte a longas distancias.

Os métodos de pesca empregados para dar cobertura a esta demanda consistían, ademais da dotación dos barcos con trasmallos, anzois e liñas, na construción de paus de estacadas de redes e gamboas para atrapar peixes e outros seres mariños coa baixa mar.

Por outra banda, o enriquecemento do comercio propiciou a construción naval, procurando barcos de maior porte, para as longas navegacións, que as embarcacións locais existentes para a pesca litoral. Neste sentido, no ano 1275 consta a presenza de barcos galegos nas augas británicas (Ferreira, 1988).

A actividade pesqueira chegou ser de tal potencia- lidade e xeradora de impostos que, ao carón de certos portos, atoparíanse outros enclaves onde se esta-

blecían de xeito difuso pescadores para pescar e salgar, co fin principal de eludir o control das xerar- quías e os décimos, motivo polo cal se deron diversas reclamacións e xuízos (Ciriquiain, 1961).

As necesidades do mercado vasco de abastece- mento de peixe e a diversidade de capturas da costa galega levou os vascos a solicitar da monarquía auto- rización para mercar, pescar e salgar peixe no resto da costa cántabra e Galicia. As primeiras viaxes vascas remóntanse ao século XIII cando o rei Sancho permite aos navegantes bermeanos salgar nos portos de Asturias e Galicia, 1282 (Ciriquiain, 1961; Vallejo, 2010). Posteriormente, as Cortes de Toro do ano 1371 autorizan os naturais de Guipuzcoa e Biskaia a mercar e salgar peixes frescos e baleas en Asturias e Galicia.

Mais esta situación levou a enfrontamentos cos pescadores locais que denunciaron a presenza dos pescadores estranxeiros de diversas maneiras, **figura 20**. No ano 1299, os vascos reciben privilexios reais especiais para mercar en Galicia (Ciriquiain, 1961). No ano 1307, El-Rei reitéralles o privilexio da pesca da balea (Ciriquiain, 1961). Esta situación irase repe- tindo durante os séculos XIV e XV, en que os vascos solicitan e reciben estes privilexios e os galegos soli-

citan limitacións e rexeitan a súa presenza, primeiro contra os vasco-franceses e logo contra todos os estranxeiros. Esta será unha das primeiras reclamacións cun transfundo ecolóxico xa que argumentan que os estranxeiros deixan todo lixado cos seus desperdicios e espantan o peixe. Unha cédula de 1531 confirma outra de 1421 nesa liña. No ano 1503, os mariñeiros da Coruña protestan porque os vascos levan o tan prezado camarón, e, posteriormente no ano 1527 créase unha fronte hostil impedíndolles usar o porto de San Cibrao aos baleeiros vascos (Ferreira, 1988).

O verdadeiro obxecto do expansionismo vasco deriva da vontade de buscar novas áreas con recursos ou excedentes cos que surtir a demanda da crecente poboación que se asentaba no seu territorio, así como buscar novas zonas de comercio e intercambio para os seus propios produtos.

#### Actividade e ferramentas

A actividade baleeira desta época levábase a cabo dende a costa, vixiando o mar dende os outeiros, ou atalaias, e avisando aos mariñeiros que agardaban na costa coas lanchas. Unha vez dirixidos ao obxectivo mediante as orientacións recibidas dende o alto, arponeaban e mataban a balea, ou ben capturaban primeiro a cría ou cabrote. Unha vez morto o exemplar era levado á costa onde era despezado e derretida a graxa en grandes cubas metálicas, tamén se salgaba a carne e eran recollidas as barbas (Canoura, 2002), **figura 21**.

#### As navegacións transoceánicas

A caza da balea foi presentada diante da socieda-

de da época como un desafío épico ao mar, un paso para domesticar a natureza. A súa magnificencia foi reflectida na cultura a través a imaxinería dos selos locais vascos e doutros portos do norte, como Castro Urdiales en Cantabria ou Caión en Galicia. Por outra banda a expansión da caza trasladouse a outras áreas do Cantábrico, Galicia e Portugal e posteriormente a outras áreas europeas como Irlanda ou Islandia. Estes foron os pasos para que os baleeiros seguisen o ronsel dos pescadores de bacallau cara ás augas americanas de Terra Nova (Azpiazu, 2000).

## 5.- ÉPOCA MODERNA: s. XV-XVIII

O século XV é considerado o último século da Idade Media e o primeiro da Idade Moderna, abre a era dos descubrimentos que representa a expansión imperialista do reino-estado portugués, que rematara a reconquista dos seus territorios do sur aos árabes a principios do século XIII, así como do acabado de crear reino-estado español remata a reconquista. Tómanse como momento de división os grandes acontecementos políticos de oriente e occidente, como son a toma de Constantinopla polos turcos en 1453 e as capitulacións de Granada, despois da guerra que durou de 1482 a 1492, sendo o descubrimento oficial de América no ano 1492 un fito fulcral.

As viaxes marítimas de longo percorrido eran xa un feito no século XV e XVI, dirixidas cara ás augas de Inglaterra e Irlanda para abastecer de peixe os portos vascos e tamén as costas peninsulares, mesmo mediterráneas. A conformación dos estados na época medieval e as loitas de poder para expandirse e



**Figura 22.-** Fragmento do portulano portugués do Cantino. 1502.

controlar territorios alleos, as colonias, levou a unha proliferación de embarques transoceánicos, coa desculpa oficial de atopar o paso para Asia, as Indias, debido ao bloqueo do paso terrestre por Oriente Medio.

Este salto oceánico deuse logo das navegacións pesqueiras e comerciais co norte de Europa, sobre todo as pesqueiras en Irlanda ou Islandia, e logo do descubrimento e ocupación das illas Macaronésicas e da costa Africana, nunha pugna continua que iniciaron as coroas española e portuguesa á que despois se uniron ingleses, franceses e holandeses.

O Imperio portugués foi o primeiro e máis duradeiro imperio colonial europeo, abranguendo case seis séculos, desde a toma de Ceuta no 1415 á devolución de Macau en 1999. A reconquista portuguesa na Península rematou en 1249 coa conquista do Algarve por Afonso III, establecendo as fronteiras de Portugal, que perduraron case sen cambios ata os nosos días. Ao longo do século XV, as Coroas de Aragón e Portugal expandíronse territorialmente alén dos mares, os aragoneses culminan a súa reconquista en 1266 e céntranse no Mar Mediterráneo, mentres que os portugueses tórnanse cara ao Océano Atlántico e África do Norte. O Reino de Castela non completou a conquista do último bastión musulmán de Granada ata 1492, iniciando simultaneamente a expansión oceánica cara ás Indias coas campañas iniciadas polo controvertido navegante Cristovo Colón.

No século XIV prodúcese o “redescubrimiento” das illas Canarias, que estaban habitadas por poboadores bereberes procedentes de África. Producíronse numerosas arribadas de mallorquíns, portugueses e xenoveses. Lancelloto Malocello instálase na illa de Lanzarote en 1312. Os mallorquíns estableceron unha misión nas illas cun bispado, que permaneceu desde 1350 ata 1400. Durante os seguintes 50 anos, co permiso papal e o apoio da coroa castelá, organízanse varias expedicións en busca de escravos, peles e tinguiduras. A carreira definitiva cara á conquista comeza coa bula papal en 1344. En 1402 iníciase a conquista das illas coa expedición a Lanzarote dos normandos Jean de Bethencourth e Gadifer da Sáelle, suxeitos ao vasalaxe da Coroa de Castela e co apoio da

Santa Se.

Deste xeito, e seguindo esa tendencia expansiva, ao redor de 1420 capitáns como Gonçalo Velho Cabral, Diogo de Silves e outros visitan, de forma voluntaria ou accidental, o arquipélago dos Acores e dende entón as arribadas de naves lusas fanse frecuentes. A colonización das illas, inhabitadas naquela época, comezou en 1439 con xente proveniente do Algarve e Alentejo. Posteriormente chegaron colonizadores doutras áreas do norte de Europa. A illa do arquipélago da Madeira, Porto Santo, foi avistada oficialmente no 1419 por João Gonçalves Zarco e Tristão Vaz Teixeira, despois de moitos días á deriva polo alto mar, afastados da súa rota pola costa de África debido ao mal tempo. A illa da Madeira sería descuberta no ano seguinte.

Os exploradores portugueses comezaron a explorar a costa de África no 1419, coa axuda das máis modernas técnicas de navegación, cartografía e tecnoloxía marítima como a carabela, coa intención de atopar unha ruta marítima ao lucrativo comercio de especias. En 1488, Bartolomeu Diaz deu a volta ao Cabo de Boa Esperanza, e en 1498, Vasco da Gama chegou á India. En 1500, de forma accidental segundo uns, ou polos plans segredos da coroa segundo outros, Pedro Álvares Cabral atoparía a costa sudamericana e dirixiría o establecemento dunha colonia no Brasil.

Os plans expansionistas non foron só obsesión dos imperios español e portugués, tamén os países do



Figura 23.- Fragmento de gravado representando unha escena de caza de baleas. S. XVIII. Sañez Recuart.

norte de Europa trataban de poder acceder ás riquezas do comercio coa India, así Inglaterra tentaba poñer en marcha expedicións transoceánicas na procura do paso do norte.

A cartografía marítima, seguindo o método portolano, **figura 22**, ten a súa orixe na área mediterránea nos séculos XII e XIII. Está baseada nos antigos mapas do Mediterráneo e na experiencia dos navegantes. Nestas representacións elimínase a parte mitolóxica, debuxándose cartas planas do litoral sobre un pergameo animal moi fino. Son as primeiras cartas de marear precisas, é por iso que o seu carácter era segredo, pois posuían unha valiosísima información. A súa creación estivo moi relacionada co uso do compás (Chueca *et al.*, 2008).

### Os descubridores postcolombinos

A mención do descubrimento de Terra Nova sinálase na bibliografía das navegacións cen anos antes da chegada de Colón a América, transformándose en tópico e pasando a través de historiadores modernos, mais sen poder comprobarse documentalmente (Ciriquiain, 1961; Vallejo, 2010; Huxley, 2000).

Os primeiros datos da descuberta refírense a Giovanni Caboto, un mariño comerciante mediterráneo de orixe xenovés que se ofreceu ás coroas de España e Portugal para continuar coas viaxes transoceánicas na procura do paso do norte cara ás Indias, mais Portugal xa tiña paso a través de África e España cría ter chegado ás Indias con Colón, así que Caboto dirixiuse á coroa inglesa, quen autorizou unha viaxe en 1496. Partindo de Bristol, non logrou ir máis aló de Islandia e viuse obrigado a regresar por mor de disputas coa tripulación. Nun segundo intento, partiu novamente de Bristol cun único barco, o Matthew, arribando á costa de Newfoundland o 24 de xuño de 1497, crendo que eran as costas asiáticas de Cipango. Á súa volta declarou a presenza de bacallaus, tan densa que dificultaba a navegación das embarcacións (Menard, 2008), moi posiblemente afirmación esaxerada.

O lugar preciso da arribada é controvertido, o cabo Bonavista é o lugar recoñecido oficialmente polos gobernos de Canadá e o Reino Unido. Os seus homes poden ser os primeiros europeos en poñer o

pé en América do norte desde os viquingos, xa que Cristovo Colón non atopou terras continentais en Sudamérica ata a súa terceira viaxe, en 1498, e as cartas que fan referencia a unha viaxe de Amerigo Vespucci en 1497, en xeral, crese que son falsificacións. Ao ano seguinte, 1498, Caboto partiu de novo ao mando dunha expedición de 5 buques. Un deles regresou a un porto irlandés por mor dos danos causados nunha tormenta. Tras repararse, o barco partiu de novo en dirección oeste. De Caboto e da súa expedición nunca máis houbo noticias, os seus descubrimentos foron a base para as reivindicacións inglesas sobre Norteamérica.

Nesta época de efervescencia de descubrimentos poucas informacións permanecían en segredo, xa Juan de la Cosa representaba no seu portolano do ano 1500 o mar descuberto polos ingleses, sinalando Terra Nova como terra firme (Huxley, 1992, Zumalde, 1987).

En 1500 os portugueses inician tamén diversas expedicións e a eles se lles atribúe a primeira evidencia segura da descuberta de Terra Nova, a través das expedicións realizadas polos irmáns Cortereal, que viron reflectido o seu descubrimento no planisferio Cantino de 1502. Os descubrimentos pasan a ser feitos cruciais na historia cando existen evidencias dos mesmos, é por iso que nin a Caboto nin a João Fernandes (navegante portugués que armou frota baixo a coroa inglesa por diferenzas co monarca portugués) pode atribuírselle o novo descubrimento das costas americanas, pois non deixaron rexistro ou referencias do mesmo (Semedo, 2001). En todo caso, ningún destes navegantes menciona a presenza de pescadores nas augas de Terra Nova nesa altura (Menard, 2008).

### A anti-illa e os misterios non resoltos

Investigando sobre as navegacións atlánticas precolombinas, planisferios medievais, mitos e lendas, acabamos por dudar a respecto da veracidade e obxectividade da historia das navegacións transoceánicas. Normalmente o debate redúcese a tratar de saber a procedencia de Colón ou se este foi o primeiro, ou non, en chegar ás costas americanas, sen resolver o significado que ten a Antília do portolano de Pizzigano de 1424, que significado teñen as



**Figura 24.-** Fragmento de gravado representando o procesamento das baleas. S. XVIII. Sañez Recuart.

lendas da illa das sete cidades, cal é a orientación das navegacións atlánticas musulmás, etc. (Vernet, 1971; Semedo, 2001).

### Importancia da chegada a Terranova

Os recursos pesqueiros de Terra Nova foron unha das máis importantes mostras de explotación económica do Novo Mundo e significou un dos motivos principais para a introdución europea na América do norte e o primeiro comercio regular entre Europa e América (Menard, 2008).

A proximidade da costa galega e portuguesa e as transaccións comerciais entre ambas permitiron a posibilidade de que foran os pescadores portugueses os que incitaran os galegos á armazón de pesqueiras en Terra Nova, aínda que se carece de información documental para apoiar ou rexeitar esta hipótese (Menard, 2008). Por ser Galicia un lugar concorrido por embarcacións procedentes de todo o mundo, e Baiona o lugar de chegada da carabela A Pinta coa nova da apertura da vía das Indias, con seguridade se produciu unha rápida difusión dos descubrimentos transoceánicos postcolombinos.

Mentres os vascos peninsulares do sur, de Hegoalde, tiñan opción a participar na carreira castelá ás Indias, os vascos continentais do norte, de Iparralde, tiñan pechada esta opción, de aí que dedicaran os seus esforzos á navegación cara a Terra Nova (Huxley, 1986).

### O bacallau

O bacallau era, entre os peixes comercializados,

un forte baluarte económico, á par da caza da balea. É por iso que as frotas galegas, vascas e portuguesas cobizaban ese prezado produto para facerse coa primacía do seu comercio no sur de Europa. Ese foi un dos motivos que levou a dispoñer de embarcacións para as viaxes transoceánicas a Irlanda, ou en menor medida a Islandia, primeiro, e a Terra Nova despois.

O bacallau mantivo unha elevada demanda polo moderado do seu prezo e polos métodos de conservación (Vallejo, 2010), producíase bacallau verde, simplemente salgado, que se distribuía sobre todo nas frías áreas do norte de Europa, e o salgado e seco, que se distribuía nas costas do sur, con temperaturas máis elevadas (Vallejo, 2010). Nin os barcos nin as técnicas de pesca foron algo novo nas pesqueiras trasatlánticas, senón unha maior capacidade organizativa. A armazón de pesqueiras afastadas coincide no tempo cunha bonanza e unha expansión social que permite abordar empresas cun maior esforzo.

As alternativas da procura de novos caladoiros foron tomadas polos mariños portugueses a través das novas traídas polos Corterreal que mencionaban con especial énfase as pesqueiras de Terra Nova (Varela, 2001). Os ingleses de Bristol frecuentaran as novas costas descubertas a partir do ano 1502 e os bretóns no ano 1504, mantendo o dominio do sur da illa en 1520 (Zumalde, 1987).

A partir de 1506 os portugueses establecen unha colonia en Terra Nova con xentes procedentes de Viana e dos Acores, chegando a 150 navíos no ano 1550, mentres que o resto dos establecementos na illa eran temporais (Varela, 2001). Non hai constancia de presenza vasca anterior a 1517, ano en que se documenta a venda do produto en Donibane Lohitzune (Zumalde, 1987; Huxley, 1992) as primeiras viaxes vascas, a partir do ano 1530, eran expedicións para bacallau, madeira e intercambio cos indios e posteriormente para bacallau e balea, tratando de avaliar a viabilidade da pesqueira (Huxley, 2000). Ata 1542 non se cita a caza da balea como actividade regular, aínda que seguramente xa se estaba realizando. Non é ata 1546, en que existe constancia da construción de fornos e outras instalacións para o tratamento das baleas.

O bacallau deulle vantaxe aos vascos para poder chegar a augas máis afastadas, mediante a mellora da técnica (Murúa et al., 2007). Mais, a corte inglesa marcouse como obxectivo de estado o control da rota do bacallau. No comercio do bacallau participaban tamén o resto das frotas e mesmo os vascos que cazaban baleas entre o Douro e o Miño (Varela, 2001). A rota portuguesa facía escala nos Acores, as francesas e cántabras esquivaban as illas.

A partir de 1578, o número de barcos ingleses en Terra Nova aumentou considerablemente e comezaron as liortas e a competencia polos recursos pesqueiros da illa. Os franceses e os ingleses fanse cos territorios continentais e impiden a pesca e o comercio das frotas portuguesa e cántabra. O tratado de Utrech, no ano 1713, remata coa pesca en Terra Nova, mudando de mans a pesca e comercialización do bacallau e das baleas.

#### **As primeiras viaxes**

A finais do século XV, Europa comezaba saír dunha época de crise acadando certa estabilidade política. O aumento demográfico que se produce coa finalización dos conflitos bélicos e o decrecemento das epidemias, así como a expansión económica favorecen o comercio marítimo e as aventuras transoceánicas (Varela, 1998).

A primeira data referida ao comezo da actividade pesqueira en Terra Nova é o ano 1504 (Menard, 2008), en que se atribúe a pescadores vascos, bretóns e normandos a chegada á illa a través das informacións recibidas no porto de Bristol despois dunha primeira campaña realizada no ano 1502. Serían embarcacións francesas e vascas de Iparralde as que a partir do 1506 achegan novas sobre campañas naquelas augas (Menard, 2008; Huxley, 2000). Mais as campañas portuguesas serían das mesmas datas, xa que é a partir do ano 1506, en que El-Rei Manuel I instaura o décimo da pesca trasatlántica, aínda que o documento referido non se limita a estas augas senón que se refire a todas as que Portugal tiña acceso, incluídas as costas de Brasil. É a partir do ano 1517 no que hai constancia da presenza dunha embarcación galega, procedente de Pontevedra, mentres que non é ata 1527 cando aparecen referencias indirectas á presenza dos

primeiros guipuscoanos e bizkaínos naquelas augas, e non serían habituais ata segunda década do século XVI (Menard, 2008; Huxley, 1992 e 2000).

A presenza inglesa e holandesa foi tardía, principios do século XVII, pois estaban concentrados nas pesqueiras do Mar do Norte e Islandia e inicialmente limitábanse a adquirir pesca a outras frotas ou ben a exercer a piratería tanto sobre embarcacións pesqueiras como baleeiras (Menard, 2008).

As campañas baleeiras nas augas de Terra Nova eran moi rendibles debido á presenza tanto da balea vasca, entre xuño e setembro, como da balea grenlandesa, entre outubro e maio, ambas as baleas realizaban migracións en distintas épocas do ano, polo que a presenza das baleas era máis constante que nas costas peninsulares e no Golfo de Bizkaia. Deste xeito os baleeiros desprazábanse a Terra Nova a principios de maio ou a mediados de xuño. Entre tempadas pescaban bacallau ou salmón e permanecían en ocasións ata novembro ou xaneiro, para encher as adegas de mercadoría proveniente da balea, co risco que quedar bloqueados polos xeos. As campañas baleeiras trasatlánticas eran máis rendibles que as peninsulares, chegando matar anualmente 400 baleas (Huxley, 2000).

A pesca trasatlántica, sobre todo a de Terra Nova, ao ser territorios de xurisdición libre escapaba da carga impositiva dos poderes locais, polo que axiña trataron de mudar a situación, utilizando a piratería como método de presión, bélico ou político.

#### **Galegos en Terranova**

A armazón para a actividade bacallaeira centrouse en Galicia nas Rías Baixas, posiblemente nunca intensamente, mais unha vez decaída a pesca, a actividade importadora correspondeu ao porto da Coruña. O feito de que foran os portos do sur os que comezaron nunha época temperá as viaxes transatlánticas, indica que puideron ter contacto cos portugueses, mentres que os portos do norte de Galicia, con actividade baleeira e mesmo con presenza vasca, non seguiron ás armazóns vascas transoceánicas con obxectivo de baleación (Menard, 2008; Serna, 2010).

#### **Decadencia da pesca en Terranova**



As guerras entre España e Francia de 1536-38 e 1542-44 atrasaron as empresas transoceánicas. Entre os períodos de conflito aberto dáse unha expansión da presenza vasca-peninsular en Teranova. O conflito bélico, ademais de supor a paralización da frota e da actividade, supoñía a requisa de moitos barcos e a dispoñibilidade de tropa convertendo os mestres e mariñeiros dos tempos de paz en corsarios e piratas.

Mais, os cambios na configuración do poder político de finais do século XVI anulaban a posibilidade de utilización do caladoiro dos bacallaus, a falta de apoio político da monarquía e desta aos representantes na corte inglesa, puxeron a puntilla da actividade galega abandonando mesmo o dereito consuetudinario. Nesa altura, entre 1613 e 1622, D. Diego Sarmiento de Acuña, conde de Gondomar, era o embaixador da corte española en Inglaterra, e é quen informa dos conflitos nos caladoiros internacionais e intercede polos pescadores peninsulares diante da coroa española (Tobío, 1984). España, cegada polas riquezas das súas Indias, non se preocupou en exceso das riquezas naturais das rexións setentrionais. En realidade non perdeu dominio ningún, pois nunca se preocupara de establecer instalacións estables na illa de Terra Nova, mais perde os dereitos de pesca (Menard, 2008; Serna, 2010).

Coa sinatura do tratado de Utrecht, de 1713, ponse fin a un longo conflito bélico internacional en Europa, mais tamén aos dereitos de pesca nas augas de Terra Nova, conseguindo a coroa inglesa o seu obxectivo tras anos de presión e rapina, iniciada dende 1560 e intensificada coa guerra anglo-española de 1585-1604, expulsando gradualmente os barcos peninsulares a causa da inseguridade e das perdas naquelas augas

(Ciriquiain, 1961).

A finais do s. XVI Islandia, pertencente á coroa danesa, convértese en zona de paso e aprovisionamento para os baleeiros vascos nas súas rotas de caza no Atlántico norte (Einarsson, 1987; Huxley, 2000). A costa islandesa dos fiordes occidentais de Vestfirðir conservou historias de transmisión oral da presenza dos baleeiros vascos na illa no século XVII. O ano 1615 marcou a inflexión, pois a coroa danesa impide a entrada de pescadores estranxeiros.

A apertura da pesqueira ártica abre novas empresas da man de holandeses e ingleses que rompe o monopolio vasco da industria baleeira.

### **Retorno ás pesquerías cantábricas**

Entre os séculos XV e XVII, a caza da balea en Galicia era simultánea e contemporánea coa caza en Terra Nova, mais, incluso era alternativa cando o risco da navegación trasatlántica era demasiado grande. De feito, posiblemente se deu un incremento das campañas baleeiras nas costas de Galicia unha vez comezada a decadencia das viaxes transoceánicas en Terra Nova.

A principios do século XVII o interese dos baleeiros vascos retorna ás costas cantábricas e galegas (Azpiazu, 2000), o peche das pesqueiras transoceánicas e unha nova crise non permite outras aventuras. Mais, a industria baleeira era xa demasiado requirida en diferentes enclaves do atlántico e a presenza das baleas que abandonaron os seus cuarteis de inverno por mor do cambio climático medieval, viuse incrementado pola diminución dos seus efectivos a causa da intensa caza dos holandeses e ingleses.



**Figura 25.- Esquema de barco baleeiro.**

### Organización do traballo marítimo

Na época moderna, nas localidades costeiras peninsulares, os pescadores estaban ocupados todo o ano coa pesca de baixura ou simultaneaban esta actividade coa agricultura. A baleación costeira era tomada como unha pesca de baixura pois utilizaban pequenas embarcacións e unha pequena infraestrutura costeira para cocer e derreter a graxa e preparar a carne en salmoura. Naqueles casos en que se levaron a cabo baleacións por parte de armadores doutras zonas desprazados ás áreas de pesca, como o caso dos vascos chegados aos portos galegos, estes traían persoal especializado, arpoeiros, toneleiros, etc., denominados cazadores, e contrataban man de obra local non especializada, denominados pescadores (Canoura, 2002). As denominacións de “caza” ou de “pesca” obedecen fundamentalmente a unha estratexia de evasión de impostos, argüindo que a da balea era caza e por tanto non tiña que pagar os décimos impostos á pesca. Os portos galegos chegaron a realizar a actividade autonomamente no século XVII, simultaneada con outras actividades fóra da tempada da caza de baleas, **figuras 23 e 24**.

As pesqueiras de altura requirían doutra infraestrutura máis complexa e eran organizadas por mercadores que preparaban as costeiras transoceánicas ou combinaban os traslados de Galicia a Euskadi para trocar mercadorías, **figura 25**.

Os mariñeiros vascos, moi especializados, alternaban a pesqueira de Irlanda e Inglaterra, ou Terra Nova, entre xuño e agosto coa pesqueira en Galicia entre outubro a marzo, polo que lograrían unha ocupación anual completa das actividades baleeiras (Huxley, 2000).

### Cambio climático e limitación de recursos

Existen evidencias de cambios climáticos na época medieval que influíron na distribución das especies (Consuelo, 2001; Aguilar, 1992; Huxley, 2000). Un período frío co que finalizou unha era moi calorosa que recibiu o nome de Óptimo climático medieval. A denominada Pequena Idade do Xeo foi un período frío que abarcou desde a metade do século XIV á metade do século XIX e que afectou sobre todo ao Hemisferio Norte (Jones e Mann, 2003). Estes cambios ambientais influíron na distribución de diferentes especies de presas e depredadores, entre elas as baleas (Ferreira,

1988; Huxley, 2000).

Estes cambios e o peche das pesqueiras islandesas ás froas estranxeiras, no ano 1478, por parte dos daneses (Consuelo, 2001), e coa expulsión dos pescadores peninsulares de Terra Nova, permitiu o desenvolvemento das empresas inglesas e holandesas (Canoura, 2002) e que estas froas se dirixisen máis cara ao sur, ampliando as súas rotas comerciais, para se abastecer de saín de balea. As limitacións ao comercio estranxeiro desaparecen no estado español no ano 1708 o que dá lugar á entrada de graxa procedente do norte máis barata que a obtida nas campañas da costa galaico-cantábricas. A costeira de 1817 foi a última na que se cobraron décimos en Galicia, en 1733 deixaran de pagarse en Asturias (Canoura, 2002). A partir de aquí decae definitivamente a actividade baleeira en Galicia volvendo ao oportunismo de aproveitar as baleas varadas, como aconteceu no ano 1861 no histórico porto baleeiro de San Cibrao (Canoura, 2002).

Os bacallaus e as baleas capturadas no norte de Europa competían coa sardiña e o atún capturados no sur, polo que a limitación das pesqueiras en Islandia e despois en Terra Nova limitaba a capacidade de actuación das froas vascas, cántabras, galegas e portuguesas do norte e beneficiaba ás froas portuguesas do sur, andaluzas e mediterráneas por unha banda e ás froas holandesas e inglesas por outra, que en pouco tempo se farían co control da caza de baleas nas augas europeas e americanas. Posteriormente, a industria foi relanzada polos europeos asentados nas costas das novas colonias atlánticas americanas, en vésperas da reclamación política da independencia das metrópoles europeas.

### Impulso americano

No ano 1659 novos colonos adquiriron a illa de Nantucket, por fronte da costa de Nova Inglaterra, alí os nativos levaban séculos cazando baleas. A industria europea, da man dos colonizadores ingleses, traspasou o océano facéndose forte nos portos atlánticos do oeste. Ademais da illa, o porto continental de New Bedford foi a base baleeira da época. Nun principio foi a balea franca das costas americanas o obxectivo da caza, mudando para o cachalote dende que no ano 1712 Christofer Hussey comprobara a maior calidade da súa graxa e popularizara a súa captura. A Febre do ouro no oeste americano de 1849 e a Guerra Civil entre 1861-1865 diminuíron a capacidade da frota baleeira

que entrou en declive (Hoare, 2010).

A partir de mediados do século XIX foron os noruegueses os que ampliaron as operacións baleeiras, incorporando grandes cambios na navegación e no xeito de caza. Descartando os veleiros baleeiros, que na costa americana aínda seguiron en activo ata principios do século XIX, incorporaron os buques a vapor e tamén o canón lanza arpóns con cabeza explosiva, isto permitiu a persecución e caza dos rápidos rorcuais, animais como a balea azul e a balea común, máis grandes e rendibles cós cachalotes.

### O ocaso da caza da balea peninsular

No século XVIII, unha vez pechada toda posibilidade das viaxes transoceánicas, abandonando as baleas as costas peninsulares e reducíndose as súas poboacións no norte por causa da intensa caza dos baleeiros holandeses, a actividade da caza da balea en todo o norte peninsular languideceu ata desaparecer. As últimas noticias sobre a caza en Galicia datan de 1718, aínda que a finais do século XVII moitos portos levaban anos sen campañas baleeiras. En Cantabria hai constancia da captura dunha balea no 1739 e en Euskadi foron cazadas, ou intentaron ser cazadas, as que aparecían ocasionalmente, a pesar de que xa en 1785 ninguén lembra xa as actividades baleeiras na costa vasca (Valdés, 2010).

Houbo algunha tentativa avaliadora das poboacións de baleas na costa galega e cantábrica e mesmo campañas exploratorias no hemisferio sur, mais ningunha delas tivo éxito, desaparecendo a actividade ata a nova etapa da caza de baleas en Galicia, Golfo de Cádiz e Portugal xa iniciado o século XX.

### Conclusións

As diferentes especies de baleas realizaron e realizan migracións estacionais atlánticas norte-sur, a diferenza do cachalote que realiza migracións máis amplas ao logo do océano.

Na antigüidade, os cetáceos varados eran un recurso mariño máis, opción oportunista que seguiu sendo utilizada mesmo unha vez rematado o período máis intenso da caza artesanal no século XVII.

A pesar dos relatos latinos, non se pode comprobar a evidencia da caza ou procesamento de baleas nas fábricas de salgadura romanas, nin nas primeiras etapas da época medieval. A documentación desta

actividade non se poderá realizar ata a aparición dos primeiros documentos que tratan da venda ou dos primeiros documentos xurídicos para a resolución conflitos, isto será ao redor do século IX en Euskadi e do XIII en Galicia.

A pesca en xeral e a caza da balea en particular, contribuíron ao proceso de urbanización medieval, fundándose portos, establecendo décimos e relacións entre zonas afastadas da costa, como entre Galicia e Euskadi, e xerando beneficios que mellorarían a calidade de vida da cidadanía.

Os pescadores e comerciantes vascos conseguiron establecer un proceso expansivo que permitiu poñer a disposición da súa poboación produtos do mar, peixe e baleas, como recursos necesarios na época e darlle saída tamén aos produtos e manufacturas vascas, poñendo os alicerces da economía capitalista.

O avance da navegación alén mar e os descubrimentos abriron grandes opcións expansivas ás economías europeas e aos imperios incipientes. A expansión vasca cara ao occidente e ata Portugal propiciou tamén unha promoción marítima de todos os pobos das ribeiras peninsulares atlánticas ata Islandia, o que serviu de ensaio de empresas transoceánicas que serían quen de trasladar as súas actividades a Terra Nova.

A pesca do bacallau e das baleas converteuse nunha grande industria que abarcaba o comercio da época en toda a Europa atlántica, sendo moeda de cambio naquela economía e servindo de argumento para a expansión industrial, marítima e comercial de todos os pobos peninsulares atlánticos, dando lugar a uns criterios culturais comúns de relación co resto de Europa.

A presión efectuada ao longo dos séculos sobre as especies de cetáceos leváronas a situacións críticas, mesmo ata a desaparición, mais non é posible atribuír a extinción dunha especie á actuación dunha frota nun tempo concreto, senón á sucesiva e intensa caza co desenvolvemento de frotas cada vez máis numerosas e con avances técnicos que intensificaron a presión pesqueira e o desastre ambiental.

No século XVIII coa práctica desaparición da balea vasca europea e cunha forte diminución da balea grenlandesa do Ártico, desaparece a caza antiga sobre as baleas francas, sendo substituída pola caza no Hemisferio Sur, a caza do cachalote nas costas americanas e a caza dos rorcuais a través das innovacións tecnolóxicas, abrindo paso á grande caza intensiva do século XX.

## 7.- BIBLIOGRAFÍA

- Acinas García Juan R. ; Fernández Suárez Juan M. ; Méndez Iglesias Francisco. 2007. El puerto de Bares. Actas del Quinto Congreso Nacional de Historia de la Construcción, Burgos, 7-9 junio 2007, eds. M. Arenillas, C. Segura, F. Bueno, S. Huerta, Madrid: I. Juan de Herrera, SEDHC, CICCOP, CEHOPU, 2007.
- Aguilar, A. 1992. Las ballenas capturadas por los vascos . In AAVV. El mar de Euskalerria. La naturaleza, el hombre y su historia. Itsasoa Nº 3: 21-24.
- Álvarez Fernández, E. 2010. Moluscos, crustáceos y equinodermos: restos de origen marino en los yacimientos prehistóricos. El Futuro del Pasado, nº 1, 2010, pp. 83-95.
- Álvarez, E. 2006. Los objetos de adorno-colgantes del Paleolítico Superior y del Mesolítico en la Cornisa Cantábrica y en el Valle del Ebro: una visión europea. (CD, Colección Vítor, nº 195).
- Andrade, J.M. 2009. En el refectorio: la alimentación en el mundo monástico de la Galicia medieval. SEMATA, Ciencias Sociais e Humanidades, vol. 21: 45-64.
- Arízaga, B. e Bochaca, M. 2003.El comercio marítimo de los puertos del País Vasco en el Golfo de Vizcaya a finales de la Edad Media. Itsas Memoria, Revista de Estudios Marítimos del País Vasco 4. Unzi Museoa-Museo Naval, Donostia. Pax: 41-53.
- Azpiazu, J.A. 2000. Los balleneros bascos en Cantabria, Asturias y Galicia. Itsas Memoria. Revista de Estudios Marítimos del País Vasco, 3, Unzi Museoa-Museo Naval, Donostia. Pax: 77-97.
- Bernal Casasola , D.B. e Monclova, A. 2011. Ballenas, orcas, delfines. Una pesca olvidada entre época fenicio-púnica y la Antigüedad Tardíamora. Treballs del Museu Arqueologic d'Eivissa e Formentera = Trabajos del Museo Arqueologico de Ibiza y Formentera, ISSN 1130-8095, Nº 67, 2012 (Ejemplar dedicado a: XXVI Jornadas de Arqueología Fenicio-Púnica (Eivissa, 2011)) , págs. 157-209.
- Bernal Casasola , D.B. 2009. Roma y la pesca de ballenas. Evidencias en el Fretum Gaditanum. en D. Bernal (ed.): Arqueología de la Pesca en el Estrecho de Gibraltar. De la Prehistoria al fin del Mundo Antiguo, Monografías del Proyecto Sagena «», Cádiz, pp. 59-85.
- Bernal Casasola , D.B. e Monclova Bohorquez.A. 2011. Captura y aprovechamiento halieutico de cetáceos en la Antigüedad. De iulia Traducta a Atenas. En Bernal Casasola. Pescar con Arte. Fenicios y romanos en el origen de los aparejos andaluces. Servicio de Publicaciones de la Universidad de Cadiz, 2011.
- Bernal-Casasola, D. 2011. Ballenas, orcas, delfines. Una pesca olvidada entre época fenicio-púnica y la Antigüedad Tardíamora. En: Sal, pesca y salazones fenicios en occidente.
- Bernárdez. 2013. O extraordinario mundo da Ora Marítima. Tórculo. 248 pp.
- Brito, C. 2009. Whaling on the Mainland of Portugal since the 13th Century: a first Approach. Brito e Evans, Ed. PROCEEDINGS OF THE ECS WORKSHOP MARINE MAMMAL HISTORY. European Cetacean Society's 21st Annual Conference, The Aquarium, San Sebastián, Spain, 21st April 2007.
- Bryant, P. J. 1995. Dating remains of gray whales from the eastern North Atlantic. Journal of mammalogy. 1995, vol. 76, no3, pp. 857-861.
- Calvo Delcán, C. 1990. Opiano. De la Caza. De la Pesca. Anónimo. Lapidario órfico, Biblioteca Clásica Gredos 134, Madrid.
- Canoura, A. 2002. A pesca da balea en Galicia nos séculos XVI e XVII. Xunta de Galicia. 169 pp.
- Carrillo Boutureira, F. 1999. La actividad pesquera en la Galicia de los ss. IX-XIII, a través de la diplomática medieval y la toponimia actual. Anuario Brigantino 1999, nº 22.
- Chueca, M.; García, F.; Jimenez, M.J.; Villar, M. 2008. Compendio de la ingeniería cartográfica. UNIVERSIDAD POLITÉCNICA DE VALENCIA. SERVICIO DE PUBLICACION. 562 pp.
- Ciriquiain, M. 1961. Los bascos y la pesca de la ballena. Biblioteca Vascngada de los Amigos del País. Pax. 359.
- Clark G. 1947. Whales as an economic factor in prehistoric Europe. Antiquity 21: 214-232.
- Corchón-Rodríguez, M.S. e Álvarez-Fernández, E. 2008. Nuevas evidencias de restos de mamíferos marinos en el Magdaleniense: los datos de La Cueva de Las Caldas (Asturias, España).MUNIBE (Antropología-Arkeología) nº 59 47-66 SAN SEBASTIÁN 2008 ISSN 1132-2217
- Covarrubias, I. (2004) La Economía Medieval y la emergencia del capitalismo. Ed. Edumed, 2004, 191 pp.
- Cummigs, W.C. 1985. Bryde's Whale Balaenoptera edeni Anderson, 1878.. In S. Ridgway and R. Harrison (eds.), Handbook of Marine Mammals. Academic Press, London. Pax: 137-150.
- Cummigs, W.C. 1985. Righth Whales Eubalaena glacialis (Müller, 1776). In S. Ridgway and R. Harrison (eds.), Handbook of Marine Mammals. Academic Press, London. Pax: 275-304.
- Dacosta Alonso, M.1993. Golfiños e baleas varados na nosa lingua. Aproximación á toponimia galega baseada nos mamíferos mariños. Eubalaena, 2: pp. 14-15
- Díaz Regañón, J.M. 1984. Claudio Eliano. Historia de los animales. en introducción traducción y notas. Libros 1-VI11. Gredos. 378 pp.
- Einarsson, Trausti, 1987, "Sobre los primeros balleneros bascos en Islandia". Apud Selma Huxley Barkham 1987, 287-288.
- Engels, F. 1975. Introducción a la dialéctica de la naturaleza. En: Marx, K. e Engels, F. 1974. Obras escogidas. Ed Progreso. Moscú T3.
- Fernández Rodríguez, C. 2003. Ganadería, caza y animales de compañía en la Galicia romana: estudio arqueozoológico, Brigantium, 15, A Coruña. 238 pp.
- Fernández, C. 2001. Restos óseos de macromamíferos no Gidoirio areoso.Informe técnico, Servicio de arqueometría. Universidade de Santiago. 31pp.
- Fernández, C. 2006. La arqueología en el noroeste de la



- Península Ibérica. Munibe Antropologia - Arkeologia, ISSN 1132-2217, Nº 57, 1, 2005-2006.
- Fernández Ochoa, C. y Martínez Maganto, J. 1994. Las industrias de salazón en el N. y N.O. de la Península Ibérica en época romana. Nuevas aportaciones. Nuevas aportaciones, Archivo Español de Arqueología, 61, Madrid.
- Ferreira Priegue. 2005. Galicia en la marisma de Castilla: la dinámica de los intercambios mercantiles. Ciudades y villas portuarias del Atlántico en la Edad Media : Nájera. Encuentros Internacionales del Medioevo, Nájera, 27-30 de julio de 2004 / coord. por Beatriz Arizaga Bolumburu, Jesús Angel Solórzano Telechea, 2005, ISBN 84-95747-35-9, pags. 165-186.
- Ferreira, E. 1988. Galicia en el comercio marítimo medieval. Fundación Pedro Barrié de la Maza. Pax: 903.
- Gambell, R. 1985. *Balaenoptera borealis* Lesson, 1828. In S. Ridgway and R. Harrison (eds.), Handbook of Marine Mammals. Academic Press, London. Pax: 155-170.
- Gambell, R. 1985. *Balaenoptera physalus* (Linnaeus, 1758). In S. Ridgway and R. Harrison (eds.), Handbook of Marine Mammals. Academic Press, London. Pax: 171-192.
- González, E. e Bejega, V. 2009. Pesca y marisqueo en la ría de Arousa (Galicia) durante la Cultura Castreña.
- Grande, M. 2008. Los castros de la Gallaecia interior: arqueología, poblamiento y sociedad. *Herakleion*, 1, 2008, pp. 85-119.
- Grandal d'Anglade, A.; López González, F. e Vidal Romaní, J.R. 1997. Condicionantes en la distribución de macro-mamíferos en Galicia (NW Península Ibérica) durante el Cuaternario superior. *Cadernos do Laboratorio Xeolóxico de Laxe*, 1997, 22: 43-66 ISSN: 0213-4497.
- Guillén, J. e Argudo, F. 2003. Epigramas de Marco Valerio Marcial. Segunda edición. Institución «Fernando el Católico» (CSIC). Excma. Diputación de Zaragoza. 644 pp.
- Gutiérrez, J.M.; Reinoso, M.C.; Giles, F.; Finlayson, C. e Santiago, A. 2001. Gorham (Gibraltar): Una cueva santuario durante la antigüedad. *Boletín Nº2 Sedeck*. Sociedad española de espeleología y ciencias del karst.
- Hallén Y. 1994. The use of bone and antler at Foshigarry and Bac Mhic Connain, two Iron Age
- Hoare, P. 2010. *Leviatán o la ballena*. Aticodelibros Ed. 510 pp.
- Huxley, B. 2000. La industria pesquera en el país Vasco peninsular al principio de la Edad Moderna: ¿una edad de oro?. *Revista de Estudios Marítimos del País Vasco*, 3, Unzi Museoa-Musaeo Naval, Donostia. Pax: 25-79.
- Huxley, S. 1992. Los bascos y las pesquerías trasatlánticas (1517-1713). *Itsasoa* 3: 27-47.
- Jones e Mann, 2003. Climate over past Millennia. *A Reviews of Geophysics*, 42, RG2002 / 2004: pax
- Laburu, M. 1989. La nao ballenera vasca del siglo XVI. *Aurrezki-kutxa municipalaren argitarapenak*. 72 pp.
- Lagóstena Barrios, L. 2009. Productos hispanos en los mercados de Roma: en torno al consumo de aceite y salazones de Baetica en el Alto Imperio. En Andreu Pintado, J.; Cabrero Piquero, J.; Rodà de Llanza, I. *Hispaniæ*. Las provincias hispanas en el mundo romano. Institut Català d'Arqueologia Clàssica. Tarragona. 548 pp. 293.
- López, Felipe-Senén. 1999. *Os primeiros galegos*. Ed. Lea. 273 pp.
- López Carreira, A. 2005. *O reino medieval de Galicia*. Ed. A Nosa Terra, 463 pp.
- López Carreira, A. 2013. *Historia de Galicia*. Ed. Xerais, 302 pp.
- MacGregor A. 1985. Bone, Antler, Ivory and Horn. The Technology of Skeletal Materials Since the Roman Period. Croom Helm: Beckenham.
- Maciñeira y Pardo de Lama, F. 1947. Bares, Puerto hispánico de la primitiva navegación occidental. Santiago de Compostela: Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento.
- Marín Arroyo, M.B.; González Morales, M.R. & Estévez, J. (2011). Paleoclimatic inference of the mid-Holocene record of monk seal (*Monachus monachus*) in the Cantabrian Coast". *Proceedings of the Geologists Association*, 122: 113-124.
- Maya, J.L.; CUESTA, F.(1998), "Cronoestratigrafía de la Campa Torres, Gijón.(1995-198)", *Excavaciones Arqueológicas en Asturias 1995-1998*, Oviedo.
- McLeod, B.A. ; Brown, M.V.; Moore, M.J.; Stevens, W.; Barkham, S.H.; Barkham, M. and White, B.N. 2008. Bowhead Whales, and Not Right Whales, Were the Primary Target of 16th- to 17th-Century Basque Whalers in the Western North Atlantic. *ARCTIC VOL. 61, NO. 1 (MARCH 2008) P. 61-75*
- Marín, A.B.; González-Morales, M.R. e Estévez, J. 2011. Paleoclimatic inference of the mid-Holocene record of monk seal (*Monachus monachus*) in the Cantabrian Coast. *Proceedings of the Geologists' Association* 122: 113-124.
- Martínez, J. 2001. Expedicións militares a Gallaecia na época republicana. 2001, (20): 297-316.
- Melville, H. *Moby Dick or the white whale*.
- Ménard, Caroline. 2008. *La pesca gallega en Terranova, siglos XVI-XVIII*. CSIC, Madrid, 322 pp.
- Morales, A., Nores, C., Pis-Millán, J. A. (1992). Whale remains in a northern spanish roman site. Nº6, *Proc. VI Ann. Con. of the Soc. European Research on Cetaceans*, 6: 238-240.
- Morales, A., Nores, C., Pis-Millán, J. A. (1992). Whale remains in a northern spanish roman site. Nº6, *Proc. VI Ann. Con. of the Soc. European Research on Cetaceans*, 6: 238-240.
- Murúa, H.; Martín Aranda Azabache, Lorenzo Motos Izeta . 2007. Evaluación y gestión internacional del bacalao de Terranova. In Rosa García-Orellán (coord.), Xosé Manuel Santos Solla (coord.). *Canadá y la Unión Europea: visión multidisciplinar de la gestión pesquera*. Universidade de Santiago de Compostela. pags. 77-95.
- Nores, C., Pis Millán, J. A. (2001). X. Determinación de la escápula de ballena encontrada en la Campa Torres. En: J. L. Maya y F. Cuesta (Eds.). *El castro de la Campa Torres*. Ayuntamiento de Gijón, Gijón: 349-354.
- O'Connor, J. 2001. *Causas naturales, ensayos de marxismo ecológico*. Siglo XXI editores AS. México. Pax: 406.
- Ojeda San Miguel, Ramón: "Pescadores de Castro Urdiales: precedentes, mundo medieval, grandes pesquerías atlánticas y ballenas", *Itsas Memoria*. *Revista de Estudios Marítimos del País Vasco*, 5, Unzi Museoa-Museo Naval, Donostia-San
- Palsbøll, Per J. ; Martine Bérubé, Finn Larsen. 2007. Could genetic diversity in eastern North Pacific gray whales

- reflect global historic abundance?. Proc Natl Acad Sci U S A. 2007 December 26.
- Periago Lorente, M. e Periago Castón, M.J. 2006. Fauna del Mediterráneo en los autores clásicos. An. Vet. (Murcia) 22: 107-116 (2006).
- Plinio. 1624. Historia Natural. Luís Sanchez impresor del Rey. 907 pp.
- Reeves, R. E Leatherwood, S. 1985. Bowhead Whale, *Balaena mysticetus* Linnaeus, 1758. In S. Ridgway and R. Harrison (eds.), Handbook of Marine Mammals. Academic Press, London. Pax: 305-354.
- Rice, D.W. 1985. Sperm Whale *Physeter macrocephalus*, Linnaeus, 1758. In S. Ridgway and R. Harrison (eds.), Handbook of Marine Mammals. Vol 4 River dolphins and the larger toothed whales. Academic Press, London. Pax: 177-233.
- Rodriguez, C.; Vázquez, J.M. e Camino, J. 2001. Concheros castreños y romanos del Cantabrico occidental (Asturias y Galicia). Gallaecia, Nº 24:61-73.
- Rodríguez-Ennes, L. 2004. El proceso romanizador territorial y jurídico de Gallaecia. Anuario da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña, Nº 8, 2004 , pxs. 705-726.
- Rodriguez, J. 2010. La resistencia hispana contra Roma. Ed. Almena, Madrid. 351 pp.
- Rodriguez, R e Vilar, X.L. 2004. Toponimia marítima e fluvial desde o Miño a Panxón. ardentía Nº 3: 43-56.
- Salvador, A., Nores, C. (2005). Ballena de los bascos - *Eubalaena glacialis*. En: Enciclopedia Virtual de los Vertebrados Españoles. Carrascal, L. M., Salvador, A. (Eds.). Museo Nacional de Ciencias Naturales, Madrid. <http://www.vertebradosibericos.org/>.
- Sanger, C. W. 1995. The Origins of British Whaling: Pre-1750 English and Scottish Involvement in the Northern Whale Fishery. The Northern Mariner/Le Marin du nord, V, No. 3 (July 1995), 15-32.
- Santacana, C.; Koro, M.; Otaduy, P.; miracruz, M. 2001. La caza de ballena, Su influencia en los usos y costumbres desde la Edad Media. BIBLID 1137-439X (1997), 15: 251-262.
- Semedo, 2001. O Atlântico Noroeste e a Terra Nova. Océanos. Nº 46 janeiro-março 2001. pax 8-20.
- Serangeli, J. 2001: La zona de costa en Europa durante la última glaciación. Consideraciones al análisis de restos y representaciones de foca, cetáceos y alcas gigantes. Cypsela 13. (123-136).
- Serna Vallejo, Margarita. 2010. Los viajes pesquero-comerciales de guipuzcoanos y vizcaínos a terranova (1530-1808). Régimen jurídico. Instituto Vasco de Administración Pública. Marcial Pons, 358 pp.
- Stewart, B.S. e Leatherwood, S. 1985. Minke Whale, *Balaenoptera acutorostrata* Lapécède, 1804. In S. Ridgway and R. Harrison (eds.), Handbook of Marine Mammals. Academic Press, London. Pax: 91-136.
- Stringer, C.B. J. C. Finlayson, R. N. E. Bartond, Y. Fernández-Jalvoe, I. Cáceresg, R. C. Sabinh, E. J. Rhodesi, A. P. Curranta, J. Rodríguez-Vidalj, F. Giles-Pachecok e J. A. Riquelme-Cantall. 2008. Neanderthal exploitation of marine mammals in Gibraltar. PNAS, 105 (38): 14319-14324.
- Suárez Piñeiro 2003: A. M. Suárez Piñeiro, La explotación del mar en la Galicia romana: el ejemplo de las instalaciones de salazón, CuadGallegos, 50/116, 2003, 9-25.
- Tobío, L. 1984. A intervención de Gondomar nos problemas internacionais da pesca. Publicacións da Area de Ciencias do Seminario de Estudos Galegos. edicións do Castro. 46 pp.
- Valdés Hansen, F. 2010. Los balleneros den Galicia (siglos XIII al XX). Fundación Pedro Barrié de la Maza. 591 pp.
- Vallejo, R. 2003. Historia da pesca en Galicia. (Das orixes ata o século XVIII)", Pontevedra. Revista de Estudos Provinciais , 19, 2003, pp. 153-178.
- Varela, C. 2001. O controllo das rotas do bacalhau nos séculos XV e XVI. Océanos. Nº 46 janeiro-março 2001. pax 22-30.
- Vázquez, C. e Rodríguez, J.M. 2000. El aprovechamiento de los recursos marinos en la prehistoria y en la antigüedad en Galicia. Boletín do Museo Provincial de Lugo, ISSN 0212-8438, Nº. 9, 1999-2000 , pax. 335-366.
- Vázquez, J.M. e Rodríguez, C. 1998. Nuevos datos acerca del aprovechamiento de los recursos marinos en los castros de la costa cantábrica gallega y el yacimiento de Adevesa (Ribadeo, Lugo). Boletín do Museo Provincial de Lugo, ISSN 0212-8438, Nº. 8, 1, 1997-1998 , págs. 91-124.
- Vernet. 1971. Textos árabes de viajes por el Atlántico. Anuario de Estudios Atlánticos. Patronato de la Casa de Colón, Madrid. 401-429 pp.
- Vilar, X.L. 2008. Talasonimia da costa sur de Galicia. IEM. 261 pp.
- Vilar, X.L. 2010. Os nomes do mar. En: Toponimia e cartografía. Xulio Sousa Fernández, Ed. Santiago de Compostela : Consello da Cultura Galega : Instituto da Lingua Galega. 310-338 pp.
- Winn, H.E. e Reichley, N.E. 1985. Humpback Whale, *Megaptera novaeangliae* (Borowski, 1781). In S. Ridgway and R. Harrison (eds.), Handbook of Marine Mammals. Academic Press, London.. Pax: 241-304.
- Wolman, A.A. 1985. Gray Whale, *Eschrichtius robustus* (Lilljeborg, 1861). In S. Ridgway and R. Harrison (eds.), Handbook of Marine Mammals. Academic Press, London.. Pax: 67-90.
- Yochem P.K. e Leatherwood, S. 1985. *Balaenoptera musculus* (Linnaeus, 1758). In S. Ridgway and R. Harrison (eds.), Handbook of Marine Mammals. Academic Press, London. Pax: 193-240.
- Zumalde, I. 1987. La epopeya de los balleneros bascos en Terranova / por Iñaki Zumalde. -- En: Itsasoa : el mar de Euskalerría : la naturaleza, el hombre y su historia. Ed. Enrique Ayerbe. Donostia-San Sebastián: Etor. T. 3 ; p. 11-13.

